



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 38)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **un de outubro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e a Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de setembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS E ACTUACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Orden de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7FU6KOD5W77KNICMIAIYADCU¹.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FQ3A2DAV5LCF7YJVXA3Z7MU.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa da Unidade de Proxectos (Lote I), CSV: IV7FU6KMIBBSZXPOZQHMFIVC4.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Servizo de Vías e Obras (Lote II), CSV: IV7FQ3A3JJHIZT7LQQFTMFR7CY.

Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil (Lote III), CSV: IV7FQ4CSJQP7V3JNUNWMN4BWK4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7FULX4HQPLVLZ34TWQB5LUH4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7FRWCK3Y4OQWZC2X6EEYRXOE.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FRWCOJL7Z73MTBU5ROMYRKY.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7FRWLC3JHMT3VL4UV577YX6Y.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, 2021CON_02/000066.

Lote I, control de calidade nas obras e actuacións dos diferentes servizos desta Deputación, salvo os de Vías e Obras e Parque Móbil.

Lote II, control de calidade nas obras e servizos de conservación dirixidos desde o Servizo de Vías e Obras.

Lote III, control de calidade nas obras relativo ás prestacións executadas por administración desde o Servizo de Parque Móbil.

2º.- O prazo de duración do contrato será de dous (2) anos dende o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato, podendo prorrogarse por un período de tempo igual a un (1) ano.

No PCAP prevese a modificación do contrato ao abeiro do previsto no art.204, en relación coa Disposición Adicional 33, ambos da LCSP, dentro dos límites establecidos na mesma.

3º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 175.117,60 euros. O orzamento base de licitación inclúe 30.392,32 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 144.725,28 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. Os orzamentos base de licitación da presente contratación de cada un dos lotes, son:

LOTES	BASE IMPONIBLE	IVE	IMPORTE TOTAL
LOTE I	51.544,56 €	10.824,36 €	62.368,92 €
LOTE II	81.406,48 €	17.095,36 €	98.501,84 €
LOTE III	11.774,24 €	2.472,60 €	14.246,84 €
TOTAL	144.725,28 €	30.392,32 €	175.117,60 €



O importe total do contrato ascende a 175.117,60 euros, IVE incluído, e finánciase conforme as seguintes anualidades:

LOTES	APLICACIÓN ORZAMENTARIA/TOTAL	ANOS	IMPORTES	DOCUMENTOS
LOTE 1-UNIDADE DE PROXECTOS	9200.22706/ 62.368,92 €	2022	31.184,46	RC: 220219/556
		2023	31.184,46	RC: 220219/556
LOTE 2-VÍAS E OBRAS	4500.22706/98.501,84€	2022	49.250,92	RC 220219/551
		2023	49.250,92	RC: 220219/551
LOTE 3- PARQUE MÓBIL	9201.22706/14.246,84€	2022	7.123,42	RC: 220219/558
		2023	7.123,42	RC: 220219/558
	TOTAL 175.117,60 €	2022	87.558,80	
		2023	87.558,80	

O presente contrato de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS E MATERIAL SANITARIO VETERINARIO E OUTROS PRODUTOS DE USO VETERINARIO PARA A XESTIÓN SANITARIA DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de setembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7ESTSJ3QGLVGZI45OUMZPQ4I.

Prego de prescricións técnicas, lote 1 con CSV: IV7ES6T3HFFCR3WSCPXUKAJGEQ e lote 2 con CSV: IV7ES6T3YEGNVGHKQZVUKADGKM.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7HGMACNQR7UT62AA4TCH7G5Y.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7ES6TYFVJTWVNPSMNN64PXHY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7ES2XCFEEZRFFZ6EQGAJY64Q.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ES4IYPUO75L5N4FHDDZBW6I.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7ESCDIPREOJG73VR5BCZC64Q.

Acordo da Xunta de Goberno de data 11 de xuño de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7ESLQ7FN5JVVMKXRFSCFPBPY.

Acta da Mesa de Contratación do día 1 de setembro de 2021, con CSV IV7FUAHT34NLRLWKDUFXGECQF4 que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo. 2021/CON_02/000023. Lote 1 - Medicamentos veterinarios. Lote 2 - Subministración de material sanitario veterinario e de outros produtos de uso veterinario.

Primeiro.- Dar conta da documentación requirida ao do licitador pola mesa do 26 de xullo sobre aclaración das listaxes presentadas na súa oferta.

Segundo: Mellor valorado - Requirimento de documentación.



Primeiro.- Dar conta da documentación requirida ao do licitador pola mesa do 26 de xullo sobre aclaración das listaxes presentadas na súa oferta.

Deuse conta que, segundo o requirimento efectuado ao único licitador D. Iván Expósito González, este presenta en prazo a aclaración e documentación solicitada no que declara un erro ao cargar a documentación na plataforma de contratación, quedando unha folla do listado de subministracións do lote 1 sen presentar, a cal presenta.

Tamén se deu conta que, solicitado informe ao órgano xestor este foi favorable respecto da aclaración e da documentación presentada polo licitador:

“...

Informo:

Que a documentación aportada polo licitador en resposta ao requirimento de emenda de documentación ou aclaración do 27-07-2021, se axusta ao contido do anexo I de Características técnicas para a subministración de medicamentos veterinarios de uso en bovino para a Granxa Provincial Gayoso Castro, e ao anexo I de Características técnicas para a subministración de material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a Granxa Provincial Gayoso Castro, dos Pregos de prescipcións técnicas, de 10 de xullo de 2021, que rexerá a contratación para a subministración de medicamentos veterinarios e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa Provincial Gayoso Castro 2021/CON_02/000023, correspondentes ao Lote 1-Medicamentos veterinarios.

Polo que entendo subsanado o erro advertido polo que non estaban incluídas na oferta presentada todas subministracións do Lote 1– Medicamentos veterinarios.”

Segundo.- Mellor valorado – Requisirimento de documentación.

A Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do sector público as puntuacións totais recollidas na Acta da Mesa do 12 de xullo e adoptar os seguintes acordos:

Clasificar ás licitadoras admitidas atendendo a orde de prelación segundo a oferta máis baixa:

LICITADOR ÚNICO	LOTE	OFERTA ECONÓMICA % SOBRE PREZOS UNITARIOS (IVE NON INCLUÍDO)
IVAN EXPOSITO GONZALEZ	1 - Medicamentos veterinarios	10%
IVAN EXPOSITO GONZALEZ	2- Subministración de material sanitario veterinario e de outros produtos de uso veterinario	10%

Requirir á D. Iván Expósito González, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, por D. Iván Expósito González de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 22 de setembro, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que o licitador Iván Expósito González, presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión do 1 de setembro de 2021.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a documentación aportada por Iván Expósito González e considerala completa.



Adxudicar á empresa Iván Expósito González, con DNI ***5930**, os dous lotes da contratación da subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo:

Lote 1 - Medicamentos veterinarios, por importe máximo de 19.853,72 euros, aos que se engadirán 1.985,37 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 21.839,09 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 10 % sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

Lote 2 - Subministración de material sanitario veterinario e de outros produtos de uso veterinario por importe máximo de 4.077,60 euros, aos que se engadirán 856,30 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 4.933,90 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 10 % sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Iván Expósito González os dous lotes da contratación da subministración de medicamentos e material sanitario veterinario e outros produtos de uso veterinario para a xestión sanitaria da Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo:

Lote 1 - Medicamentos veterinarios, por importe máximo de 19.853,72 euros, aos que se engadirán 1.985,37 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 21.839,09 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 10 % sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

Lote 2 - Subministración de material sanitario veterinario e de outros produtos de uso veterinario por importe máximo de 4.077,60 euros, aos que se engadirán 856,30 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 4.933,90 euros comprometéndose a executar o obxecto do contrato ofertando un desconto dun 10 % sobre os prezos unitarios recollidos no PPT.

Financiándose de acordo as seguintes anualidades:

LOTE	APLICACIÓN	2021 (SEN IVE)	A/21	2022 (SEN IVE)	A/22	TOTAL (IVE ENGADIDO)
Lote 1 Medicamentos veterinarios	4120.22106	11.581,34	92021/4907	8.272,38	920219/170	21.839,09
Lote 2 - Subministración de material sanitario veterinario e de outros produtos de uso veterinario	4120.22106	2.378,60	92021/4908	1.699,00	920219/171	4.933,90
TOTAIS		13.959,94		9.971,38		26.772,99

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 13.959,94 € (mais IVE deducible), para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE NAVIA DE SUARNA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Lote 1 Mobiliario xeral.

Lote 2 Equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas.

Lote 4 Pequenos electrodomésticos e material de limpeza.

Lote 5 Cortinaxe.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de setembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EYXXOHRJIJ667Q5NF437UGY².

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica da Sección de Benestar, con CSV IV7EYXQZOF6LLRJN2HY4D4DP4Q.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EYXYYFJJD75P3WMFQKQHSEU.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EY624EAO5XFEJZXWAMNAON4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EY62TLLRMVXV7SYISCDS7BY.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7EY7LJN14LJ6GJZUPE6AQXAU.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EY7L4BT5IUXM5UI6XAJKABY.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Acordo da Xunta de Goberno de data 16 de xullo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EYC3JAEMTJWZYARVWEJIEMY.

Acta da Mesa de Contratación do día 5 de agosto de 2021, con CSV IV7EEGALJQM5J7VL4Y556ADDOQ, que acordou o seguinte:

“1.- Declarar deserto o Lote 5 Cortinaxes.

2.- En canto ao Lote 3 Lavandaría, conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a Fermongal Reparaciones, S.L.. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

3.- En canto ao Lote 1 Mobiliario xeral:

Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	INDUSTRIAS HIDRAULICAS PARDO S.L.	100,00
2	SUMINISTROS TECNICOS DE GALICIA S.L.	96,98

Requirir á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da



LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN sen iva	IMPORTE DA GARANTÍA
117.248,00 €	5.862,40 €

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

4.- En canto ao Lote 2 Equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas:

Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SUMINISTROS TECNICOS DE GALICIA S.L.	100,00

Requirir á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN sen iva	IMPORTE DA GARANTÍA
25.428,14 €	1.271,41 €

5.- En canto ao Lote 4 Pequenos electrodomésticos e material de limpeza:

Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SUMINISTROS TECNICOS DE GALICIA S.L.	100,00

Requirir á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN sen iva	IMPORTE DA GARANTÍA
10.857,41€	542,87 €

...

Acta da Mesa de Contratación do día 24 de agosto de 2021, con CSV IV7EGMKJJVJKURHMDRHMKDTDMQ, que acordou o seguinte:

“Conceder á empresa Fermongal Reparaciones, S.L. un prazo de tres días hábiles de subsanación, para que aporte a documentación á que fai referencia na súa declaración, a fin de xustificar a viabilidade da súa oferta, en orde ao correcto desenvolvemento da subministración.”



Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 22 de setembro de 2021, acorda o seguinte:

Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, correspondente aos lotes 1, 2 e 4, infórmase que as licitadoras presentaron na Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 5 de agosto de 2021. A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación, entendendo que está presentada correctamente segundo o recollido no art. 150.2 LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP, xa que aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar todas a documentación que o integra.

En canto á aclaración presentada en tempo e forma pola empresa Fermogal Reparaciones, S.L., no lote 3, emitiu informe o Servizo de benestar Social e Igualdade, con CSV: IV7FWWCCEB5C7W4C447FG4QA5Y:

“A oferta presentada conta con varias condicións susceptibles de determinar o baixo nivel dos custos das mesas e, concretamente nos seguintes valores:

1. Condicións excepcionalmente favorables para a prestación do servizo:

a) A empresa Fermogal Reparaciones, S.L. conta como colaborador asiduo coa empresa Instalaciones del Valle Monforte, S.L. para o cumprimento da parte correspondente a obra do lote 3 e que supón case un 22 % do lote. Tendo en conta que a empresa Instalaciones del Valle Monforte, S.L. está especializada neste tipo de instalacións e sendo coñecedores de que a mesma ten a sede preto do Centro de Atención as persoas Maiores de Navia de Suarna non é de estrañar que ambos extremos poidan supoñer unha gran vantaxe económica tal e como alega a licitadora.

b) A empresa Fermogal Reparaciones, S.L. conta cun stock propio e cunha relación comercial fluída e prolongada con provedores do sector da lavandería industrial polo que pode chegar a obter moi boas condicións e descontos no tocante a adquisición dos equipos e maquinaria comercial.

Conclusión: Tendo en conta o antedito considerase que a información achegada explica satisfactoriamente o baixo nivel dos custos propostos pola empresa Fermogal Reparaciones, S.L. e

que, por tanto, a oferta pódese cumprir sen rebaixar a calidade das prestacións do subministro solicitado nos pregos”.

A Mesa acorda facer seu o informe do Servizo de Benestar social e igualdade e aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación os seguintes acordos:

Que, pola Presidencia, se adopte a seguinte resolución referente ao Lote 3 Lavandaría:

Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	FERMONGAL REPARACIONES, S.L.	100
2	ALARSA HOSTELERA, S.L.	87,99
3	COMERCIAL CASAL, S.L.	84,41
4	MARIÑA CLIMA, S.L.	76,76

Requirir á empresa Fermongal Reparaciones, S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN sen iva	IMPORTE DA GARANTÍA
43.850,00 €	2.192,50 €



Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Industrias Hidraulicas Pardo S.L., con CIF B50057322, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna, Lote 1 Mobiliario xeral, por un importe de 117.248,00 euros aos que se engadirán 24.622,08 euros en concepto de IVE (21% ou 10% segundo o caso), o que ascende a un total de 141.870,08 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

Adxudicar á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., con CIF B15213911, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna, Lote 2 Equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas, por un importe de 25.428,14 euros aos que se engadirán 5.339,91 € en concepto de IVE (21% ou 10% segundo o caso), o que ascende a un total de 30.768,05 euros e Lote 4 Pequenos electrodomésticos e material de limpeza, por un importe de 10.857,41 euros aos que se engadirán 2.280,06 € en concepto de IVE (21% ou 10% segundo o caso), o que ascende a un total de 13.137,47 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos dos lotes de 5 anos.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserto o Lote 5 Cortinaxe, por non se ter presentado ningunha oferta á presente licitación.

2º.- Adxudicar á empresa Industrias Hidráulicas Pardo S.L., con CIF B50057322, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna, Lote 1 Mobiliario xeral, por un importe de 117.248,00 euros aos que se engadirán 24.622,08 euros en concepto de IVE (21% ou 10% segundo o caso), o que ascende a un total de 141.870,08 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

3º.- Adxudicar á empresa Suministros Técnicos De Galicia S.L., con CIF B15213911, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Navia de Suarna, Lote 2 Equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas, por un importe de 25.428,14 euros aos que se engadirán 5.339,91 euros en concepto de IVE (21% ou 10% segundo o caso), o que ascende a un total de 30.768,05 euros e Lote 4 Pequenos electrodomésticos e material de limpeza, por un importe de 10.857,41 euros aos que se engadirán 2.280,06 euros en concepto de IVE (21% ou 10% segundo o caso), o que ascende a un total de 13.137,47 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos dos lotes de 5 anos.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- O prazo máximo de entrega é de dous meses desde a sinatura da acta de inicio.



6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN CONTRACTUAL DO LOTE V DA CONTRATACIÓN POR LOTES DAS PÓLIZAS DE SEGUROS DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES, RESPONSABILIDADE CIVIL, FROTA DE VEHÍCULOS, VIDA E ACCIDENTES, SEGURO DE GANDO VACÚN E SEGURO DE GANDO CABALAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, nos que se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes

Acordo da Xunta de Goberno de data 9 de outubro de 2020, na que se acorda:

“1º.- Adxudicar os contratos ás seguintes empresas e polos importes que se indican a continuación:

LOTE I.- SEGURO DE DANOS EN BENS MOBLES E INMOBLES	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-HELVETIA, COMPAÑÍA SUIZA,S.A	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 178.987 euros para os dous anos.

LOTE II.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-SEGURCAIXA, ADESLAS, S.A.	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 161.984,90 euros para os dous anos

LOTE III.- SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-BILBAO, COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 83.479,36 euros para os dous anos.

LOTE IV.- SEGURO DE VIDA Y ACCIDENTES PARA TODO EL PERSONAL.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-VIDACAIXA, SAU SEGUROS Y REA-SEGUROS.	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 447.986,70 euros para os dous anos

LOTE V.- SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE REPRODUCCIÓN E PRODUCCIÓN.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
2.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 28.619 euros para os dous anos.

LOTE VI.- SEGURO DE GANDO CABALLAR.	IMPORTE PRIMA 2 AÑOS (IVE EXENTO)
LICITADORES	
1.-MAPFRE ESPAÑA, S.A.	Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 4.980,40 euros para os dous anos.

(...)

4ª.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de 2 anos, con posibilidade de prórroga (1+1) se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, puidendo prorrogarse en dúas ocasións ata un máximo de dúas anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

(...)”

2.-O contrato referente ao Lote V formalizouse o día 01.12.2020.En relación á entrada en vigor do contrato cómpre sinalar a cláusula cuarta que indica:

“A entrada en vigor do contrato é con efectos retroactivos dende as 00.00 horas do día 31 de maio de 2020 (con independencia da data en que se formalice o contrato ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das



partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición. Esta fecha de efecto do contrato ten a súa motivación en que o día 01 de xuño de 2020 entrou en vigor o novo Plan 2020 de Agroseguro e as disposicións, definicións e coberturas recollidas no prego de prescricións técnicas publicadas para este expediente se corresponden coas adoptadas no Plan 2019 de Agroseguro”.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2020

Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do contrato de seguro.

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- O PCAP reitor desta licitación prevé, no punto U do Cadro resumo, a modificación seguinte:

“Modificacións: Si, en aplicación da DA.33 da LCSP, en caso de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, circunstancia que deberá estar debidamente acreditada no expediente, poderá modificarse o contrato co límite máximo do 20% do prezo inicial.”

Disposición Adicional 33 LCSP:

“Disposición adicional trigésima tercera Contratos de suministros y servicios en función de las necesidades.

En los contratos de suministros y de servicios que tramiten las Administraciones Públicas y demás entidades del sector público con presupuesto limitativo, en los cuales el empresario se obligue a entregar una pluralidad de bienes o a ejecutar el servicio de forma sucesiva y por precio unitario, sin que el número total de entregas o prestaciones incluidas en el objeto del contrato se defina con exactitud al tiempo de celebrar este, por estar subordinadas las mismas a las necesidades de la Administración, deberá aprobarse un presupuesto máximo.

En el caso de que, dentro de la vigencia del contrato, las necesidades reales fuesen superiores a las estimadas inicialmente, deberá tramitarse la correspondiente modificación. A tales efectos, habrá de preverse en la documentación que rija la licitación la posibilidad de que pueda modificarse el contrato como consecuencia de tal circunstancia, en los términos previstos en el artículo 204 de esta Ley. La citada modificación deberá tramitarse antes de que se agote el presupuesto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin el crédito necesario para cubrir el importe máximo de las nuevas necesidades.”

Segunda: O PCAP reitor desta licitación prevé, no punto V do Cadro resumo, a regularización seguinte:

“Regularización das primas.

En aplicación do art.309 da LCSP, non terán consideración de modificacións, sempre que así se determine no prego de cláusulas administrativas, as variacións nas primas que durante a correcta



execución das prestacións se produzan como consecuencia de alteracións de altas e baixas dos bens mobles e inmoables/persoas/vehículos en función das necesidades de aseguramento que se requira en cada momento, polas que se emitirá un suplemento de regularización con un único recibo pola diferenza, no caso que proceda, o que significa que a prima dos seguros son susceptibles de regularización anual, sempre que esta diferenza non represente un incremento do gasto superior a un 10 da prima anual en cada regularización realizada.

As altas xerarán un recibo de prima que resultará da aplicación da taxa neta que resulte desta licitación aos capitais que corresponda dar de alta e se prorrateará polo tempo de cobertura existente entre a data de comunicación e a de vencemento da póliza.

As baixas funcionarán da mesma forma polo que se xerarán as correspondentes emisións de recibos de extorno.”

Neste caso a diferenza na prima para a segunda anualidade represente un incremento do gasto superior a un 10% da prima anual, polo que non se pode tratar como unha regularización.

Terceira.- Con data 29 de xullo, Sonia Verdes Gil, Directora da Granxa Gayoso Castro e Responsable do contrato, solicita que se proceda a realizar os trámites correspondentes para levar a cabo a modificación desta contratación, para proceder ao pago da factura con referencia de rexistro REGAGE21e00009874410 presentada pola compañía aseguradora Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., de importe total 16.882,71.-Euros e se corresponde co recibo da prima emitido para o período 31.05.2021 ás 00.00 h a 31.05.2022 ás 00.00 h do seguro de explotación de gando vacún de produción e reprodución (cuxa cobertura se apoia a través da entidade Agroseguro) para o conxunto de animais da devandita especie que forman parte do censo da Granxa Gayoso-Castro da Deputación de Lugo contratado por esta Administración coa mencionada compañía a través da póliza nº K150050-1. No devandito recibo de prima está contemplada a actualización en póliza emitida para a presente anualidade conforme os censos das explotacións con código REGA ES270100093601 (Recría) e ES270100183701 (Producción y Reproducción).

Cuarta.- A Compañía Artai – Correduría de Seguros S.A. en calidade de Mediadores de Seguros autorizados por la Dirección General de Seguros informou que,

“La factura con referencia de registro REGAGE21e00009874410 presentada por la compañía aseguradora Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., de importe total 16.882,71 .-Euros es correcta y se corresponde con el recibo de prima emitido para el periodo 31.05.2021 a las 00.00 h a 31.05.2022 a las 00.00 h del seguro de explotación de ganado vacuno de producción y reproducción (cuya cobertura se respalda a través de la entidad Agroseguro) para el conjunto de animales de dicha especie que forman parte del censo de la Granxa Gayoso-Castro de la Diputación de Lugo contratado por esta Administración con la mencionada compañía a través de la póliza nº K150050-1.

9	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	83.699,87 €	19,64	57,00	2,85	320,46 €	1,29	23,78
10	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	77.030,30 €	43,89	8,00	0,40	648,76 €	2,62	46,91
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	81.797,21 €	26,56	80,00	4,00	1.239,67 €	5,00	35,56



De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	ACOVAL SA	82.679,48 €
2	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL	78.383,80 €
3	CHOLO SL	68.470,62 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	75.710,91 €
5	EVASFAL SL	85.305,00 €
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	87.120,00 €
7	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	79.860,00 €
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL	78.181,38 €
9	HERMANOS PICO YAÑEZ SL	83.699,87 €
10	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	77.030,30 €
11	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	81.797,21 €

MEDIA

79.111,86

BAIXA DESPROPORCIONADA

71.200,67

10% ARRIBA

87.023,04

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:

EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	87.120,00 €
--------------------------	-------------

Tendo en conta que a oferta presentada pola empresa Cholo SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramitase a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

Unha vez requerida a mercantil Cholo SL, esta presentou documentación xustificativa da súa oferta, que foi remitida ao Servizo de vías e obras a fin de emitir informe en relación coa xustificación da mesma. Na sesión da mesa de contratación de data 05/08/2021 deuse conta do informe do Servizo de Contratación, no que se conteñen entre outros os seguintes extremos:

“(…)

De acuerdo al artículo 101.2 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, Contratos del Sector Público, al artículo 131 del R.D. 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas y a la Orden FOM/1824/2013, de 30 de septiembre, por la que se fija el porcentaje a que se refiere el artículo 131 del RGLCAP, el presupuesto base de licitación se obtiene a partir del presupuesto de ejecución material que se incrementa en un 13% en concepto de gastos generales y en un 6% en concepto de beneficio industrial y, el total, se incrementa con el tipo correspondiente al IVA.

Cholo S.L. plantea en su justificación una reducción de los gastos generales, pasando de un 13% a un 4%, justificando en la no necesidad de dedicación exclusiva de los departamentos de ingeniería, contabilidad o gerencia, así como el corto plazo de ejecución de la obra.

Esta premisa no se considera debidamente justificada puesto que los gastos generales engloban los gastos generales de la empresa, los gastos financieros, las cargas fiscales, las tasas de la Administración legalmente establecidas que inciden sobre el costo de las obras y demás derivados de las obligaciones del contrato, y en el informe de la marcantil no se aporta ningún tipo de documentación al respecto que justifique la mencionada reducción.

Conclusión

Tal y como expresa el artículo 149.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, se entiende en todo caso que la justificación no explica satisfactoriamente el bajo nivel de los precios o costes propuestos por el licitador cuando esta sea incompleta o se fundamente en hipótesis o prácticas inadecuadas desde el punto de vista técnico, jurídico o económico.

Ya que la justificación de la reducción de los gastos generales se enmarca dentro de los preceptos anteriormente señalados, esta técnico informa que no se considera justificada la viabilidad de la oferta presentada por Cholo S.L.

Pola Presidencia da Mesa, logo de ver o informe emitido, anteriormente citado, e a documentación presentada polo licitador incurso en temeridade, deu conta da recente Resolución nº 119/2021 do Tribunal Administrativo de Contratación pública da comunidade autónoma de Galicia (TACGAL), dirixida a esta Deputación, relativo a xustificación de ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas e a súa aceptación.

Así mesmo, o Vogal representante da Intervención, a maior abundamento, no mesmo sentido, fixo mención do disposto no RD 1098/2001, de 12 de outubro, no relativo á composición do orzamento base de licitación, así como o informe 38/10, de 24 de novembro de 2010 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Ministerio de Facenda, relativo a ofertas anormalmente baixas.



Manifestando en todo momento, que a xustificación do licitador debe garantir adecuadamente a execución do contrato, sen que unha adxudicación a baixa repercuta en posteriores modificacións, e tendo en conta tamén que os propios pregos establecen unha garantía complementaria do 5% para os casos de adxudicación de contrato ao licitador que incorrera inicialmente en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa.

Así, tendo en conta o anteriormente citado, a mesa, por unanimidade acordou remitir novamente o expediente ao Servizo de Vías e Obras, tendo en conta os condicionantes manifestados pola mesa, a fin de que tome en consideración os pronunciamentos sobre a viabilidade da oferta incurso en presunción de temeridade e da xustificación remitida polo licitador.

Na mesa celebrada e data 18/08/2021 deuse conta do novo informe do Servizo de Vías e obras, no que se indica:

“(…)

Según los criterios de la técnico que suscribe y, de acuerdo a lo establecido en la cláusula décimo tercera del PCAP que rige esta contratación, se entiende en todo caso que la justificación no explica satisfactoriamente el bajo nivel de los precios o costes propuestos por el licitador cuando ésta sea incompleta o se fundamente en hipótesis o prácticas inadecuadas desde el punto de vista técnico, jurídico o económico.

La justificación presentada por Cholo S.L. de su propuesta económica desproporcionada está detallada y documenta buena parte de los precios ofrecidos, pero no resulta técnicamente adecuada la dotación de emulsión bituminosa coincidente con la dotación de ligante residual que se considera en el precio descompuesto de la unidad “m2 de doble tratamiento superficial” y “m2 de triple tratamiento superficial” , puesto que no se podría ejecutar la obra conforme a la calidad establecida en el proyecto.

Lo que se traslada a la Mesa de Contratación para su conocimiento, y a los efectos oportunos”.

A Mesa, tendo en conta os informes anteriormente citados, logo das deliberacións efectuadas, por unanimidade, acorda aceptalos e en consecuencia facelos seu, incorporados ao

expediente, polo que se procede á clasificación do resto das ofertas segundo a valoración realizada na mesa de data 01/07/2021 e tendo en conta os informes do Servizo de Vías e Obras.

Visto canto antecede, así como as actas de data 01/07/2021 e 05/08/2021, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Excluír a proposta presentada pola mercantil Cholo SL por incorrer a súa oferta en baixa desproporcionada ou anormal, e non considerar satisfactoria a xustificación efectuada.

Clasificar, por orde decrecente, o resto das propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	48,68
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		46,91
3	ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL		43,21
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		41,70
5	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		36,62
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		35,56
7	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	27,21
8	HERMANOS PICO YAÑEZ SL		23,78
9	ACOVAL SA		23,35
10	EVASFAL SL		13,81

Requirir á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA de Galicia e acredite a efectiva disposición dos medios a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva por importe de 3.128,55 euros, que supón o 5% sobre o importe de adxudicación (sen IVE), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 31/08/2021, con CSV: IV7FUCDMDMRC6TG7QU4AGJXCAY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse



requirir á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 02/09/2021, rematando o prazo de presentación o día 16/09/2021. A mercantil Construcciones Leonardo Miguélez SL, presentou a documentación requirida o 16/09/2021/2021 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 22/09/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL con C.I.F. B-15289614 representada por D. José Antonio Miguélez Díaz con DNI ***7420**, a contratación da obra denominada SARRIA- O PÁRAMO.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos asfálticos con gravilla na LU-P-5705 “Mazadorio (LU-546)- Escarlán- San Martiño da Torre (LU-P-4302)”, P.K. 7+700 a 12+611 no prezo de 75.710,91 €, dos cales 13.139,91€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Excluir a proposta presentada pola mercantil Cholo SL por incorrer a súa oferta en baixa desproporcionada ou anormal, e non considerar satisfactoria a xustificación efectuada.

2º.- Adxudicar á empresa Construcciones Leonardo Miguélez SL con C.I.F. B-15289614 representada por D. José Antonio Miguélez Díaz con DNI ***7420**, a contratación da obra denominada SARRIA- O PÁRAMO.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos asfálticos con gravilla na LU-P-5705 “Mazadorio (LU-546)- Escarlán- San Martiño da Torre (LU-P-4302)”, P.K. 7+700 a 12+611 no prezo de 75.710,91 €, dos cales 13.139,91€ corresponden ao IVE (21%) e un prazo de execución de 9 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.



Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

5º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

6º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS.

Proposta en relación coa modificación do proxecto da obra identificada como: COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Primeiro.- O expediente de Contratación e demais actuacións correspondentes á licitación da obra foron desenvoltas pola Sociedade Urbanística Provincial de Lugo SA (SUPLUSA), e unha vez liquidada a mesma, por acordo do Pleno, en sesión extraordinaria de data 30/11/2020, os expedientes son continuados polos distintos Servizos da Deputación Provincial.

Segundo.- A obra, denominada COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I, logo dos correspondentes trámites de licitación, foi adxudicada o 09/05/2019, a empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, na cantidade de 1.293.032,25 euros, (IVE incluído) e con un prazo de execución de 9 meses.

Terceiro.- Con data 13/05/2019, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo, sendo asinado polo representante de SUPLUSA e polo representante da mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL.

Cuarto.- En data 14/05/2019, asínase acta de comprobación de reformulo.

Quinto.- En data 19/12/2019, á vista do informe emitido polo técnico, aprobouse pola comisión liquidadora de SUPLUSA a suspensión dos traballos dende o 04/09/2019. En data 14/07/2020 reanudáronse os traballos, subscribindo acta de reanudación.

Sexto.- Por Resolución da Presidencia, de data 21/01/2021, aprobouse unha ampliación do prazo de execución da identificada obra, ata o 30/04/2021.

Sétimo.- Por acordo da Xunta de Goberno, de data 09/04/2021 autorizouse a redacción da modificación do proxecto da obra indicada, sen supor aumento económico respecto do prezo primitivo do contrato.

Oitavo.- Na data 22/09/2021, remitiuse a este Servizo de Contratación e Fomento expediente telemático 2021/XEN_01/000845, co proxecto modificado da obra identificado na cabeceira, informe de supervisión e Acta de Replanteo previo, incorporados ao expediente de aprobación de autorización de redacción de modificado.”

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación



de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

1. Propuesta de la Administración o petición del contratista.
2. Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.
3. Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.
4. Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

Segunda.- O artigo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente”

Neste caso, dita autorización foi aprobada pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 09/04/2021.

Terceira.- Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

- a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.
- b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

2. Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

1.º Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

2.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1.º Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2.º Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

(...)."

No proxecto modificado, e informes da Dirección técnica, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado b) do artigo 205.2, no sentido "...necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato..." como foi as modificacións na normativa eléctrica; indicando neste sentido que se cumpren todas as condicións establecidas no indicado artigo.



Cuarta.- No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación, así como o proxecto modificado, aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, "... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211".

Non obstante, segundo o proxecto modificado e informe da Dirección Técnica, neste caso o importe do modificado sería o mesmo que o do prezo primitivo do contrato, non supoñendo polo tanto incremento de prezo.

Quinta.- Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala "...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley". Este trámite coñécese como acta de prezos contraditorios.

Sexta.- Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o proxecto modificado e informes técnicos, indica que non supón incremento do prezo primitivo do contrato. Ademais consta no expediente acta de suspensión das obras, de data 18/03/2021.

Sétima.- A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

Neste caso non procede reaxuste ao non supor incremento económico.

Oitava.- A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP). No proxecto indícase un prazo de execución das obras de tres (3) meses a partir da acta de comprobación e replanteo. Non obstante consta acta de suspensión das obras de data 18/03/2021.

Novena.- Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo SA (SUPLUSA), é o Consello de Administración (...) O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable.

Non obstante, unha vez liquidada SUPLUSA, e tramitados os expedientes polos distintos Servizos da Deputación de Lugo, por asimilación aos procedementos contractuais efectuados por esta Deputación, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ao establecido no Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión



En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación para a modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación do proxecto da obra COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I, entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido:

Aprobar o proxecto modificado da obra COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I, redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Héctor Diéguez Aranda, e conformado pola empresa adxudicataria do contrato primitivo, por importe de 1.860.477,98€, dos cales 322.892,87€ son de IVE, e dicir sen variación económica respecto do primitivo, e cun prazo de execución de 3 meses.

Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, que prestou conformidade ao mesmo, aplicando a mesma baixa de adxudicación que o proxecto primitivo, polo que resulta un importe de adxudicación de 1.293.032,25€ (IVE incluído), non supoñendo aumento respecto do primitivo.

Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.

Este informe substitúe a calquera outro emitido con anterioridade para o mesmo asunto”.

A vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto polo Servizo de Intervención, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra COSPEITO.- Proxecto de urbanización do parque empresarial de Feira do Monte (Cospeito). Fase I, redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Héctor Diéguez Aranda, e conformado pola empresa adxudicataria do contrato primitivo, por importe de 1.860.477,98€, dos cales 322.892,87€ son de IVE, e dicir sen variación económica respecto do primitivo, e cun prazo de execución de 3 meses.

2º.- Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, que prestou conformidade ao mesmo, aplicando a mesma baixa de adxudicación que o proxecto primitivo, polo que resulta un importe de adxudicación de 1.293.032,25€ (IVE incluído), non supoñendo aumento respecto do primitivo.

3º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

4º.- Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN/ SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2021.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Chantada, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Chantada no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:



Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	79	AFIRMADO DE CAMIÑO EN VILAUXE	--	42.913,04€	42.913,04€

A Alcaldía do Concello de Chantada a través de escrito de data 21/09/2021 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 79, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... non contar coas autorizacións dos titulares dos terreos afectados...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	79	PAVIMENTACIÓN VIAL LAGOA-BRANDIAN	14.214,07€	42.913,04€	57.127,11€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo,

achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Chantada que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Chantada, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	79	PAVIMENTACIÓN VIAL LAGOA-BRANDIAN	14.214,07€	42.913,04€	57.127,11€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación de Lugo co Concello de Ribadeo.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Asunto: Aprobación, se procede, do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Rehabilitación da escola vella de Rinlo - Ribadeo”, por importe total de 23.625,33 €, dos que 22.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 1.625,33 € a cargo do Concello de Ribadeo; e do gasto, por importe de 22.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O representante legal do Concello de Ribadeo solicitou, o 14 de xullo de 2021, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade (RE nº 2021RPE019650), a subscrición dun convenio interadministrativo de cooperación, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Rehabilitación da escola vella de Rinlo - Ribadeo”.

Revisada a documentación integrante da dita solicitude, dende o Servizo de Cultura foron detectados erros materiais, así como a falta de proxecto ou memoria descritivos das actuacións a realizar, o que se puxo en coñecemento do Concello de Ribadeo, que engadiu documentación complementaria o 20 de setembro de 2021 (RE nº 2021RPE026531).

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:

Informe do Servizo de Cultura, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da subscrición do mesmo.

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto polo Servizo de Cultura.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Á vista de toda a documentación, a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, informou favorablemente, o 29 de setembro de 2021, o texto do convenio proposto polo centro xestor.



Finalmente, á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 29 de setembro de 2021.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Rehabilitación da escola vella de Rinlo- Ribadeo”, por importe total de 23.625,33 €, dos que 22.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 1.625,33 € a cargo do Concello de Ribadeo.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 22.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2021, a favor do Concello de Ribadeo, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO EMPRESARIAL, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE LUGO, MEDIANTE POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 27 de agosto de 2021, aprobou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de “A Gándara” no Concello de Friol e no Polígono Industrial “A Rasela”, no Concello de Baleira, mediante poxa, así como o prego de cláusulas administrativas que rexerán este procedemento e

proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento no Boletín Oficial da Provincia.

Vista a publicación de anuncio do prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de “A Gándara” no Concello de Friol e no Polígono Industrial “A Rasela”, no Concello de Baleira publicado no Boletín Oficial da Provincia número 204, de data de 4 de setembro de 2021.

Polo exposto e vista a Acta da reunión da Mesa de Valoración, celebrada en data de 21 de setembro de 2021, con IV7FQ6A53EVIJGX74LQFMMHPKE e o informe emitido pola Sección de Patrimonio en data 23 de setembro de 2021 con CSV IV7FQ4HKFNM5LLG62RERE47PIM, e o informe de intervención con CSV IV7FRTSSJL6LJ7JDYLYGCVHXIA, PROPONSE á Xunta de Goberno:

1º – Adxudicar o procedemento de alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación Provincial, mediante poxa, a favor dos licitadores e coas ofertas seguintes:

LICITADOR	POL- INDUSTRIAL	Nº PARCELA	IMPORTE OFERTADO (SEN I.V.E)	MODALIDADE DE PAGO
JOSÉ PACIOS MÍGUEZ	POLÍGONO INDUSTRIAL DE FRIOL	PARCELA 6	39.678,00€	PAGO ÚNICO
RUBÉN FIDALGO GIGÁN	POLÍGONO INDUSTRIAL DE BALEIRA	PARCELA 1	33.915,00€	PAGO ÚNICO
OBIIOB INDUSTRIAL LOOPS S.L	POLÍGONO INDUSTRIAL DE FRIOL	PARCELA 46	18.466,53€	APRAZADA PAGO MENSUAL 5 ANOS
		PARCELA 47	35.805,28€	
		PARCELA 48	33.624,67€	
		PARCELA 49	38.051,81€	
OBIIOB INDUSTRIAL LOOPS S.L	POLÍGONO INDUSTRIAL DE FRIOL	PARCELA 51	46.930,02€	APRAZADA PAGO MENSUAL 5 ANOS
		PARCELA 52	52.229,96€	
		PARCELA 53	63.367,53€	

2º.- Formalizar, mediante escritura pública de compraventa, a transmisión das titularidade das parcelas adxudicadas, aos licitadores relacionados.

3º.- Declarar que as parcelas que non foron adxudicadas neste procedemento e que figuran relacionadas no prego reitor do procedemento, poderán ser obxecto de alleamento, mediante adxudicación directa, polo prezo tipo que figura no citado prego.



4º.- Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INTEGRACIÓN DA GRANXA GAYOSO CASTRO EN CACHEGA.

Visto o contido do asunto relativo á integración da Explotación de Raza Cachena que acolle a Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo na Asociación de Criadores de Raza Cachena (CACHEGA) e dacordo co establecido no artigo 47 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procédese a retirada do asunto da Orde do día, para o seu coñecemento e decisión polo Pleno Provincial.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes

O 25.06.2021 a Xunta de Goberno aprobou as bases e os modelos de solicitude que habían de rexer no procedemento de concorrencia competitiva para concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares

Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021.

O extracto do acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 149 do venres 2 de xullo de 2021.

O 10.08.2021 constituíuse a Comisión de Avaliación para informe de avaliación de solicitudes e formulación de proposta a través do órgano instrutor de concesión de subvencións e de desestimación das solicitudes.

Considerando a proposta da referida Comisión de Avaliación, o 11.08.2021 o Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente emitiu unha proposta á Xunta de Goberno para aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións.

En consecuencia, a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 13.08.2021 aprobou a resolución provisional de concesión de subvencións que se mencionan nas listaxes que se anexaban, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes.

Con posterioridade, o 20.08.2021 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (nº 191) a resolución provisional da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2021, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes.

A partir da publicación deste anuncio no BOP concedeuse aos interesados un prazo de 10 días para presentar alegacións en relación á referida resolución provisional, non presentándose alegacións a este respecto.

O día 14.09.2021 reuniuse de novo a Comisión de Avaliación da referida convocatoria para a corrección de erros materiais detectados no seu informe do día 10.08.2021, e que se referían á



transcripción dos importes de subvención solicitados na “Liña 10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses” de tres entidades e que serviron de base no cálculo das axudas a percibir polas entidades cuxa valoración superou a puntuación mínima de 15 puntos e pasaron á segunda fase do procedemento.

No informe da Comisión de Avaliación da xuntanza do 14.09.2021 achégase a listaxe da “Liña 10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses” coa corrección nos importes solicitados por esas tres entidades e co novo cálculo das axudas a percibir por cada unha das entidades que presentaron unha solicitude na “Liña 10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses” e que superaron a segunda fase de valoración.

Segundo as bases da referida convocatoria, o órgano instructor, á vista do expediente, formulará a proposta de resolución definitiva.

Por todo o exposto,

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación e aos informes obrantes no expediente:

Aprobar a resolución definitiva de concesión de subvencións que se mencionan nas listaxes que figuran no expediente, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran no citado expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO DESTINO DE FONDOS DO PROGRAMA DE TURISMO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2021.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 29 de decembro de 2021, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2021, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2021, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de turismo do Concello de Monforte de Lemos: “Promoción actividades en medios de comunicación”, cunha achega provincial de 28.000,00 €.

Logo de ver o escrito do Concello de Monforte, expediente 2021/PES_03/016519 - (2021/XEN_01/003381), no que solicita a modificación do destino dos fondos do programa de turismo incluído no Plan Único de 2021, de xeito que se substitúa “Promoción de actividades en medios de comunicación” por “Funcionamento dos servizos de turismo”. O novo programa do concello de Monforte resulta segundo o seguinte esquema e financiamento:

CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
MONFORTE DE LEMOS	28.000,00 €	5.000,00 €	33.000,00 €	FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DE TURISMO

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Turismo favorable á modificación do destino dos fondos do programa de turismo Concello de Monforte de Lemos, tendo en conta que coa incorporación da actividade proposta non se altera a súa natureza de carácter turístico, nin se incrementa o importe da achega provincial de 28.000,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021.

Logo de ver o informe favorable do Servizo de Intervención.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



Aprobar a o cambio proposto polo Concello de Monforte, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021, procedendo á modificación do destino dos fondos do programa de turismo de xeito que se substitúa “Promoción de actividades en medios de comunicación” por “Funcionamento dos servizos de turismo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO DESTINO DOS FONDOS NO PROGRAMA DE CULTURA DO CONCELLO DE MONFORTE, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2021, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2021, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, co seguinte detalle para o programa de cultura: “Actividades de rúa; Actuacións musicais; Fogos festivos; Paseos en barca polo Río Cabe; Concurso de carteis festas patronais; Iluminación festiva; Feira do libro”, cunha achega provincial de 70.000,00€.

Logo de ver o escrito do Concello de Monforte de Lemos, expediente 2021/PES_03/016519, no que solicita a modificación do destino dos fondos do programa de cultura incluído no Plan Único de 2021, de xeito que se manteñen as seguintes actividades: Paseos en barca polo Río Cabe (12.500,00€) e Concurso de Carteis das Festas Patronais (1.000,00€), e o resto do financiamento destinarase ao “Funcionamento de instalacións culturais e coordinación do

departamento (persoal propio)”, ata un importe de 75.000,00 €. O novo programa de cultura do Concello de Monforte resulta segundo o seguinte esquema e financiamento:

CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
MONFORTE DE LEMOS	70.000,0€	18.500.00€	88.500,00€	PASEOS EN BARCA POLO RÍO CABE; CONCURSO DE CARTEIS FESTAS PATRONAIS; FUNCIONAMENTO DE INSTALACIÓNS CULTURAIS E COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO (PERSOAL PROPIO)

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á modificación do destino dos fondos do programa de cultura, tendo en conta que coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 70.000,00€ prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021.

Logo de ver o informe favorable do Servizo de Intervención.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o cambio proposto polo Concello de Monforte, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021, procedendo a modificación do destino dos fondos do programa de cultura de xeito que se substitúa “Actividades de rúa; Actuacións musicais; Fogos festivos; Paseos en barca polo Río Cabe; Concurso de carteis festas patronais; Iluminación festiva; Feira do libro” por “Paseos en Barca polo Río Cabe; Concurso de carteis Festas Patronais; Funcionamento de instalacións culturais e coordinación do departamento (persoal propio)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR



EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2020-2021.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 28 de maio de 2021 acordou a aprobación das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude de concesión de subvencións en réxime de concorrència non competitiva a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal para os gastos de temporada 2020-2021.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude se publicou no BOP nº128, martes 8 de xuño de 2021.

Tendo en conta o previsto no punto 7º das Bases da convocatoria de concorrència non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2020-2021, que reflicte que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o previsto no punto 11. Acordos de resolución e notificacións se prevé que o órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión de valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, motivada, á Xunta de Goberno e que o acordo de resolución provisional será notificada aos interesados, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Tendo en conta que finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas na listaxe da desagregación de orzamento que se achegan no expediente e na acta da comisión de avaliación correspondente, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión coa documentación que acompañan ás solicitudes.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación foron os recollidos nas normas específicas da convocatoria aprobadas polo órgano competente.

Visto que para estes efectos, se achega a listaxe na que se inclúen os solicitantes propostos para a concesión de subvencións.

Tendo en conta que, con data 23 de setembro de 2021 se constituíu a Comisión de Avaliación prevista, que acordou elevar informe de proposta de concesión de acordo co establecido nas Bases.

Tendo en conta que o orzamento previsto de acordo coa base 5º da convocatoria é de 440.000,00 €.

Por todo o exposto:

Á vista do informe da Comisión de avaliación.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación;

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou



campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal para os gastos de temporada 2020-2021, anualidade 2021, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos na base 8 das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

Entidade e importe da subvención

NOME ENTIDADE	CIF	IMPORTE	DEPORTE
CLUB PORTA XI ENSINO C.B.	G27324284	86.919 €	BALONCESTO
CLUB DEPORTIVO BURELA F.S.	G27272251	113.087 €	FÚTBOL SALA
CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	G27170638	84.245 €	FÚTBOL
CLUB VOLEIBOL EMEVÉ	G27041490	110.749 €	VOLEIBOL
CLUB FÚTBOL SALA FEMENINO CASTRO	G27451020	45.000 €	FÚTBOL SALA

2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base 11 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación de subvencións, que se relacionan, concedidas por acordo da Xunta de Goberno de esta Excma. Deputación de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades culturais realizadas por entidades culturais, ano 2018, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 111, do día 16 de maio de 2018, e visto o informe do Xefe de Servizo de Cultura e Turismo onde se indica:

En relación aos expedientes que se relacionan referentes á xustificación das subvencións de referencia, procede informar:

1.- Na Xunta de Goberno do día 4 de maio de 2018, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 16 de maio de 2018, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 111 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 10 de agosto de 2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 14 de agosto de 2018, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 186, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018.



5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2019.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Unha vez rematado o prazo de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo, a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 18 de decembro de 2019, requirir ás asociacións culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 15 días, presenten a documentación requirida, advirtíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvencións, previo trámite do expediente

8.- Con data 15 de maio de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

9.- Transcorrido o citado prazo de 15 días e non sendo atendido o citado requirimento polas asociacións citadas, a Presidencia desta Excm. Deputación de Lugo, resolveu, con data 02 de xuño de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrència competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobadas pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10.- Con data 18 de xuño de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

Transcorrido o citado prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións culturais citadas, non presentaron neste organismo a documentación requirida, tal e como se expoñía nas citadas notificacións e como consta no punto 11 das Bases da Convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2018.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo, informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 10 de agosto de 2018, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2018, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 186 de 14 de agosto de 2018, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de trascorrer o



prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOME ENTIDADE	CIF	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
OS AVENTADOS	G27222264	UN MAR DE CULTURA: EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA, TERTULIAS, FEIRA DO LIBRO, FESTIVAL DE MÚSICA, CONCURSO LITERARIO, CONFERENCIAS, ACTOS HOMENAXE, GRAVACIÓN VÍDEO	1.111,00€
ASOC. QUIROMA	G27483510	ORGANIZACIÓN FESTA CASTREXO ROMANA QUI-ROMA	936,00€

Tendo en conta, que unha vez transcorrido o prazo citado de 10 días de trámite de audiencia, a Deputada que subscribe propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se se declare perda de dereito ao cobro total das subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2018, aprobado pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2018, das entidades relacionadas, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS. (e despois de transcorrer o prazo de audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación), que se relacionan:

NOME ENTIDADE	CIF	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
OS AVENTADOS	G27222264	UN MAR DE CULTURA: EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA, TERTULIAS, FEIRA DO LIBRO, FESTIVAL DE MÚSICA, CONCURSO LITERARIO, CONFERENCIAS, ACTOS HOMENAXE, GRAVACIÓN VÍDEO	1.111,00€
ASOC. QUIROMA	G27483510	ORGANIZACIÓN FESTA CASTREXO ROMANA QUI-ROMA	936,00€

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACÍONS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS

REALIZADOS POR ASOCIACIÓN CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 18 de decembro de 2020, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalación de carácter cultural e para equipamentos culturais, ano 2020, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 203, de data 4 de setembro de 2020.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 28 de agosto de 2020, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a a realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude e xustificación que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 4 de setembro de 2020 a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 203, pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 18 de decembro de 2020, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, así como as solicitudes desestimadas.



4.- Con data 31 de decembro de 2020, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 300, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020.

5.- O punto 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a actuación e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificaro cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2021.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente. Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado

7.- Con data 23 de Abril de 2021, a Presidencia da Deputación de Lugo, resolveu requirir ás Asociacións que se relacionan no Anexo, a que presenten a documentación de xustificación sinalada no punto 11 das Bases da convocatoria, advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo improrrogable de 15 días hábiles, levará consigo a revogación da subvención concedida.

8.- Con data 23 de xullo de 2021, a Presidencia da Deputación de Lugo, resolveu iniciar os expedientes de perda de dereito ás subvencións concedidas ás entidades relacionadas no Anexo, asícomo enviar notificación aos interesados dando conta do contido da Resolución citada, na que se lles comunica que, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de Audiencia, de acordo ao establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

9.- Transcorrido o prazo de 10 días sinalados, constátase que as Asociacións que se reflicten no Anexo non atenderon o trámite de audiencia,”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións que se relacionan, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2020, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 203 de 4 de setembro de 2020, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, e despois de transcorrer o prazo de Audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación algunha.

ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. CULTURAL CAMIÑO PRIMITIVO DE BALEIRA	ADQUISICIÓN PEZAS TRAXE TRADICIONAL GAITAS	2.000,00€

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DO PLAN ÚNICO PARA O PROGRAMA DE DEPORTES PARA O ANO 2020 DO CONCELLO DE FOZ.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación a expediente 2021/PES_03/019333 de renuncia formulada polo Concello de Foz á axuda concedida por importe de sete mil euros (7000,00 €) para Actividades deportivas: noites alternativas que financiar os gastos derivados do Programa de Actividades deportivas, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, que foi aprobado por acordo do Pleno da Deputación de Lugo do 28 de xullo de 2020.

Informa.

Que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

Que o alcalde do Concello de Foz presentou, en data 01/07/2020 14:09:48 (2020/PCC_01/000066), solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020. No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Foz formulaba como actividades a desenvolver “Actividades deportivas: noites alternativas”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de 7000,00 €.

Que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no

que se contempla unha achega de sete mil euros (7000,00 €) para a Programa de actividades deportivas: “Actividades deportivas: noites alternativas”.

Que con data 23/12/2020 e numero de expediente 2020/PES_03/023174 o Concello de Foz formulou solicitude relativa ao cambio de actividades do Programa de Actividades deportivas, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Que a Xunta de Goberno de data 05 de marzo de 2021 acordou desestimar a solicitude formulada polo Concello de Foz por entender que non cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividades deportivas, suporía no seu caso a realización de algunhas actividades que non serían da mesma tipoloxía (actividade deportiva) e entendendo por tanto, que suporían unha modificación orzamentaria, por non se poderen aplicar ao mesmo programa de gasto que aquel no que se produciría a baixa.

Que tendo en conta que os concellos terán a obriga de xustificar os fondos percibidos ao abeiro deste programa e que para facelo disporán do prazo de 3 meses a partir da finalización da acción ou comportamento obxecto deste programa, establecido no 31 de decembro de 2020, cunha data límite establecida do 31 de marzo de 2021.

Que o Concello de Foz non solicitou o anticipo contemplado nas bases reguladoras.

Que no Servizo de Deportes non constaba a presentación da documentación xustificativa da axuda concedida ao Concello de Foz por importe de sete mil euros (7000,00 €) ao Concello de Foz para Actividades deportivas: noites alternativas, dentro do prazo establecido.

Que en consecuencia e con data 10/09/2021 09:13, numero de rexistro de saída 2021RPS010880, e numero de expediente 2021/NOT_02/000300 o servizo de Deportes, de acordo co previsto na Disposición Adicional 4ª, -na que se prevé que transcorrido os prazos de xustificación da achega referente a cada un dos programas, sen presentarse na forma establecida anteriormente, tramitouse requirimento ao Concello de Foz para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles e ao abeiro do sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de



outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, presentase a documentación esixida nas contas xustificativas para o aboamento das axudas.

Que consta no expediente electrónico o envío de notificación de requirimento de conta xustificativa de data 10/09/2021 09:13, e que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 16/09/2021 10:10:05.

Visto que con data 23/09/2021 08:54:10 e número de expediente 2021/PES_03/019333, e por tanto dentro do prazo de 15 días previsto na anteriormente referida disposición o Concello de Foz presentou a través da sede electrónica da Deputación de Lugo, a renuncia á axuda concedida por importe de sete mil euros (7000,00 €) para Actividades deportivas: noites alternativas.

Que de acordo co previsto no artigo 94 Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, procede aceptar de plano a mencionada renuncia polo importe indicado.

Que en consecuencia, cómpre tramitar a referida solicitude e aceptar de plano a mencionada renuncia formulada por don Francisco Cajoto Caserío, en calidade de alcalde do Concello de Foz, á axuda concedida por importe de sete mil euros (7000,00 €) para Actividades deportivas: noites alternativas dentro do Programa de Actividades deportivas, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a renuncia á axuda concedida por importe de sete mil euros (7000,00 €) ao Concello de Foz para Actividades deportivas: noites alternativas que financiar os gastos derivados do Programa de Actividades deportivas, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, aprobada por acordo do Pleno da Deputación de Lugo do 28 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO Nº 243/2021-C.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº243/2021-C seguido a instancia de Diócesis de Mondoñedo Ferrol contra resolución da Deputación de data 2 de xullo de 2021 ditada en materia de contratación administrativa, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº 245/2021.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº245/2021 seguido a instancia de María Estefanía Sierra Abad fronte á resolución de data 2 de xuño de 2021 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada “por la cantidad de 1.778,89euros, importe de los daños sufridos en el vehículo matrícula 5047-GFD”, cando circulaba “por la carretera (LU-P-2101) de Friol (LU-P-2106) a Parga (Ermita de San Roque), cuando al



llegar a la altura del Km. 13,8, lugar de O Outeiro, término municipal de Friol, dirección esta última, le cae encima del vehículo un eucalipto, siéndole imposible evitar la colisión”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 1003/2021.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a cédula de emprazamento do Xulgado de 1ª Instancia nº3 de Lugo relativa ao Procedemento Ordinario 1003/2021 MA, seguido a instancia de Gestión Compra de Impagados, S.L. contra a Deputación en materia de reclamación de cantidade, na que se empraza a esta entidade para que contestar á demanda no prazo de 20 días a contar dende o seguinte ao dito emprazamento, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado.

2º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.